

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

En Mos 5 de marzo de dous mil vinte catro

Na sala de xuntas da Casa Consistorial de Mos, ás 9:05 horas, constitúese a Mesa de Contratación na licitación, mediante procedemento aberto simplificado, de contrato administrativo de servizos de xestión do punto limpo do concello de Mos emprazado no Polígono Empresarial de Veigadaña, integrada pola Sra. Alcaldesa, Dna. Nidia M^a Arévalo Gómez como Presidenta, D^a. Laura Méndez Senlle, Concelleira de Medio Ambiente, D. Carlos Piñeiro Sarmiento, Secretario do Concello, D. Santiago Gestal Pérez, Interventor, como Vocais. Actúa como Secretaria da Mesa de Contratación, a funcionaria Dna. Rosa Rodríguez González, adscrita á Secretaría, que da fe do acto.

PRIMEIRO.- No período de presentación de proposicións presentáronse as seguintes:

- GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U. B36179299 04-03-2024 12:17

A mesa de contratación procede á apertura do arquivo I da proposición presentada polas persoas licitadoras que concorreron, en forma e prazo, á licitación convocada.

A Mesa comproba que a declaración responsable presentada polo licitador e incluída neste sobre é correcta e contén tódalas manifestacións esixidas conforme ao modelo de declaración responsable do formulario de documento europeo único de contratación (DEUC).

A Mesa unha vez revisada a documentación, declara a **admisión** das seguintes as proposicións:

- GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U.

SEGUNDO.- A continuación, a mesa, sendo as 9.10 horas, procede á apertura da documentación relativa a criterios con ponderación dependente de un xuízo de valor (*Memoria técnica*), incluída tamén no mesmo Arquivo I, remitindo a documentación ao Servizos técnicos municipais, para que procedan á valoración desta documentación.

A Sra. Alcaldesa Presidenta da por terminada a reunión ás 9.15 horas.

E para constancia do tratado levanto a presente Acta que eu o Secretaria da mesa, tra-la súa lectura, someto á sinatura da Presidenta e vocais; dou fe.

